

O noso compromiso

Estamos convencidos da necesidade de dar un impulso ao compromiso cooperante das entidades locais e provinciais de Galicia. Ese cambio debe derivar da achega de máis recursos e máis actividades relacionadas coa cooperación internacional ao desenvolvemento e debe incorporar tamén un *modus operandi* novo, que gañe en complexidade, en detalle, en profesionalidade e en rigor. Ese salto debe ser o resultado dunha posta en común de todos os actores e responsables involucrados neste tema, de xeito que, entre todos, poidamos, logo de celebrar a nosa primeira década, abrir unha etapa nova, non soamente no sentido cronolóxico, senón tamén no operativo. Para iso, cómpre dotármolos de maiores medios, ambicións e dunha iniciativa que permita ao poder local galego desempeñarse con voz propia no concerto da cooperación e transformarse en referente do bo facer neste eido.



Reunión da RMS da área 3, celebrada en Santiago de Compostela en xuño de 2008

Comisión de Cidades e Deputacións

O COCIDE (Comisión de Cidades e Deputacións), que engloba as sete grandes cidades e as catro deputacións, foi constituído o 24 de novembro de 2008. Nel participan os representantes políticos ante o Fondo de cada unha das entidades citadas. Tamén contempla unha comisión de técnicos para implementar de forma efectiva as súas decisións. O obxectivo principal desta comisión é o de impulsar a calidade e os recursos da cooperación municipalista galega, para o cal se creou o programa CIDEPALIA, que será apoiado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia. Por medio deste programa intentarase multiplicar o esforzo cooperante das cidades e deputacións galegas, fortalecendo as estruturas municipais, mellorando a calidade da xestión das iniciativas e completando ciclo do proxecto, mesmo contemplando a presenza de funcionarios locais como expatriados no terreo.

Convocatoria proxectos

O Fondo Galego abrirá o **1 de marzo** a convocatoria de axudas, dirixida a Organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGDs). O 6 de febreiro reuniuse o Consello Municipalista de Cooperación co obxecto de analizar a proposta adiantada pola Comisión Executiva e recoller suxestións. As Bases do 2009 incorporan modificacións importantes a respecto das previamente existentes, recollendo a experiencia de dez anos de traballo conxunto con parceiros e ONGDs e achegando máis transparencia e rigor no seu contido. O prazo para a presentación de proxectos rematará o 31 de marzo.

En paralelo, están a disposición de todos os asociados unhas Bases reguladoras para a convocatoria de iniciativas de sensibilización con vocación de ámbito municipal.

Asemblea ordinaria do Fondo Galego

De conformidade co previsto nos estatutos vixentes, a Asemblea xeral ordinaria do Fondo Galego debe reunirse no primeiro trimestre do ano. Será, entón, o **24 de marzo** cando se convoque a todos os asociados para aprobar o informe da Comisión Executiva, o balance económico, a listaxe de altas e baixas, e culminar o proceso de transición iniciado a raíz das pasadas eleccións municipais, instando o relevo na Presidencia. Esta Asemblea, ademais, debe encarar o impulso das estratexias a seguir no bienio que resta de mandato das actuais Corporacións afianzando esa proposta diferenciadora que constitúe a marca de calidade do esforzo local no eido da cooperación internacional: impulso da sensibilización a nivel local e xestión coordinada dos proxectos a través do Fondo Galego.

Crise humanitaria en Gaza e Cuba

Os últimos días de 2008 e os primeiros de 2009 afectaron á Franxa de Gaza cunha crise humanitaria na que o subministro de bens de primeira necesidade, a asistencia médica e o saneamento ambiental afundiron a súa poboación en carencias. As consecuencias deste conflito derivarán nunha tardía recuperación de recursos humanos e naturais, polo que o Fondo Galego, en colaboración coa Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA) habilitou a conta de emerxencia co fin de canalizar axudas dende os nosos entes municipais e provinciais. O número de conta é o seguinte:

2091 0209 10 3040019000 (CaixaGalicia)

En relación aos tres furacáns que asolaron a illa caribeña, o Fondo Galego e a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para achegar 70.000 euros co obxecto de contribuir a recuperación das vivendas e instalacións afectadas nos municipios Los Palacios, Candelaria, San Cristóbal, Consolación del Sur, La Palma e Bahía Honda na provincia de Pinar del Río.



Consello Lexislativo, en Gaza

Exposición Dereitos Humanos

A Sociedade de Desenvolvemento Comarcal vén promovendo, dende o 1 de decembro pasado, e ata o 18 de abril deste ano, unha exposición sobre os Dereitos Humanos, conmemorando así o 60 aniversario da Declaración Universal. A exposición, elaborada polo ANUE (Asociación para as Nacións Unidas en España) e polo IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), consta de 14 paneis nos que se amosan temas como a historia, as materias que os regulan ou as convencións que os desenvolven. A mostra, que conta co apoio do Fondo Galego, estará a disposición dos asociados para que acollan e distribúan estes novos materiais a partir do mes de maio.

CENTRO COMARCAL	CALENDARIO (2008 - 2009)
O SALNÉS, CAMBADOS	do 1 ao 15 de DECEMBRO
VALDEORRAS, O BARCO	do 18 de DECEMBRO ao 10 XANEIRO
TERRA DE LEMOS, MONFORTE	do 14 ao 29 de XANEIRO
O CARBALLIÑO	do 2 ao 15 de FEBREIRO
A ULLOA, PALAS DE REI	do 18 de FEBREIRO ao 12 de MARZO
BERGANTIÑOS, MALPICA DE BERGANTIÑOS	do 16 ao 31 de MARZO
A MARIÑA OCCIDENTAL, VIVEIRO	do 3 ao 24 de ABRIL

A V I S O C O T A S 2 0 0 9

Co comezo do novo ano, en febreiro comunicárase a todos os asociados a necesidade de facer efectivo o abono das cotas mínimas obrigatorias para pertencer ao Fondo Galego. De resultados do acordado pola Comisión Executiva, aquelas entidades que non satisfagan a súa achega durante tres anos consecutivos serán dadas de baixa de forma automática. É da máxima importancia que o abono das cotas se faga no primeiro semestre do ano para non dificultar o proceso de xestión da convocatoria de proxectos, pois daquela precisamos dunha liquidez mínima para transferir os recursos comprometidos aos nosos parceiros. Habida conta que as cotas fixadas teñen un carácter case simbólico, convidase a todos os asociados a ampliar as súas achegas, como xa moitos veñen facendo nos últimos anos. O esforzo económico das entidades locais e provinciais neste aspecto segue en niveis moi baixos en comparación con outras comunidades e con outras administracións.

Fondo documental

Un dos obxectivos marcados para o ano 2008 foi o de conseguir crear unha base bibliográfica ampla –con libros e películas– que permitan o seu uso de cara a conseguir unha concienciación máis estendida e comprometida. Entre os libros que xa forman parte do noso corpus, está a última entrega da triloxía *Educación e paz* coordinado por Xesús R. Jares. A obra recolle textos narrativos e poéticos de varios autores galegos, como Teresa Moure, quen escribe, en *Eu non son pacifista*, “que hai nenos que traen do colexio pombas de papel para poñeren nas paredes e hai nenos que traen do colexio pernas por pisaren unha mina”; Manuel Lourenzo González, quen fai falar a un dos personaxes do seu relato, *Xoguemos á guerra!*, preguntándose, tras rematar un xogo, sobre o sentido das guerras: “—Gañamos? —contestou—. Se nen sequera sabíamos por que pelexabamos”; ou Francisco Castro, quen critica a actitude daqueles interesados nos beneficios das guerras en *Unha viaxe, unha bomba e unha voz*, onde comenta: “Era mentira, por suposto. Xa llo dicía o fillo, a vós, os do capitalismo global, só vos importan as vosas accións. E a solidariedade, agora, seica vende.”



TEATRAcción

□ O mércores 21 de xaneiro asinouse un convenio de colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Este novidoso proxecto, denominado "TEATRAcción" pretende sensibilizar á poboación por medio de pequenas representacións teatrais nas que se tratan problemas vinculados coa desigualdade. O conxunto de obras estarán a disposición dos concellos socios para que fagan a maior difusión posible do evento e se poidan escenificar nos seus municipios. (Pódese solicitar a acollida do grupo de teatro, contactando co área de sensibilización da Secretaría Técnica do Fondo).



Sinatura do convenio de teatro, con Manuel F. Vieites, director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia; Mariana Fernández, coordinadora do proxecto; e María Méndez e Alfredo Novoa, vocal e presidente do Fondo Galego respectivamente

Sensibilización 2009: obxectivos

□ No ano 2008, once concellos e unha deputación se adheriron ao Fondo Galego, conseguindo que xa sexamos un total de 106 socios. Entre todos, pretendemos acadar os obxectivos estipulados: dar continuidade á oferta formativa básica en materia de cooperación, sensibilización e educación para o desenvolvemento; comunicármonos por medio dos encontros da Rede Municipalista Solidaria (RMS); ampliar o fondo documental; continuar co programa "Vacacións con Traballo"; dar acollida e difusión ao programa "Teatraacción"; seguir coa publicación bimestral do *Infórmate a Fondo (IAF)*; manter e renovar a páxina web; editar a nosa Memoria anual; exhibir as diferentes exposicións; e intercambiar misións, ao Norte e ao Sur, co obxecto de coñecer in situ os proxectos que financiamos e contactar directamente cos nosos parceiros sobre o terreo.



No centro, Rosario Cáceres, de INPRHU, en Nicaragua, xunto a Xulio Ríos e Beatriz Sestayo, durante a visita realizada durante o pasado mes de novembro

Segunda fase dos cursos de formación

□ Durante o primeiro semestre deste ano terá lugar a segunda fase dos cursos sobre cooperación e desenvolvemento. Nesta ocasión, os temas a tratar serán a axuda humanitaria e de emerxencia, o comercio xusto, o ciclo do proceso nos proxectos e a presión política, entre outros. As datas e lugares de celebración dos cursos, cuxa información se enviará detallada proximamente, son os seguintes: Carral (luns 2 de marzo), Ourense (luns 27 de abril), Lugo (luns 4 de maio) e Salceda de Caselas (luns 11 de maio). Todos os participantes recibirán un diploma acreditativo da asistencia expedido pola Escola Galega de Administración Pública, xa que se trata de cursos homologados.

Confederación de Fondos

□ Reunirase en marzo próximo a Confederación de Fondos, entidade na que tamén participa o Fondo Galego, e que constitúe un espazo de intercambio de experiencias e de coordinación entre todos os Fondos existentes no Estado co obxectivo de mellorar a calidade do noso traballo e promover sinerxias que fortalezan as nosas estruturas, cada vez máis sólidas e representativas. A Confederación, ademais, serve de interlocutor fronte a outras administracións, mesmo de instancias supranacionais e internacionais.

Informe Zero da Cooperación Municipalista

□ Este informe, realizado co apoio económico da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, plasma a realidade da cooperación descentralizada galega a nivel municipal, reflectindo, a través de datos cuantitativos e valoracións cualitativas, unha diagnose que recolle tanto as carencias como tamén os avances rexistrados en concellos e deputacións de Galicia en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento.

A finalidade deste informe é dobre. Dunha banda, trátase de resaltar os sinais de identidade da cooperación municipal para poder identificar as súas feblezas e fortalezas, significando as accións necesarias para mellorar o seu status.

Recolle, por outra banda, a existencia de dous modelos básicos: un, minoritario, centrado na aposta preferente pola xestión individualizada da cooperación dende o eido local; outro, maioritario, que enfatiza a importancia de priorizar a cooperación entre nós mesmos para gañar en calidade e en eficacia. No plano da acción, a converxencia de ambos espazos indica a conveniencia de diferenciar entre a sensibilización e o financiamento de proxectos, priorizando no primeiro o eido local, e no segundo, a plataforma de cooperación.

As feblezas en materia de sensibilidade e estrutura aconsellan apostar polo Fondo Galego, cunha especialización xeográfica e sectorial que gañe en ambición e en cualificación, asegurando a coordinación das accións e a homologación das actuacións impulsadas dende o municipalismo cooperante, pero evitando a súa conceptualización como depositario dunhas inxerencias que se transfiren en parello aos recursos. Participar no Fondo non debe significar delegar nel o compromiso cooperante, senón impulsar con el algunhas dimensións da cooperación que precisan dese instrumento asociativo para gañar en efectividade na loita contra a pobreza, obxectivo central destas accións.

O informe está a disposición de todos os asociados.

Unha enquisa para mellorar

Durante os pasados meses de novembro e decembro de 2008 foi realizada unha enquisa ao persoal da Rede Municipalista Solidaria (RMS), tendo participado 35 das actuais 106 entidades socias. A enquisa foi realizada durante as reunións da RMS, e tamén foi enviada a todas as entidades socias a través do correo electrónico. A seguir expóñense, moi resumidamente, os resultados obtidos.

- A cantidade e calidade da información que a Secretaría do Fondo Galego envía ás entidades socias.

As entidades participantes na enquisa valoraron, en xeral, de modo positivo a cantidade e calidade da información recibida, atribuíndo unha nota media de 6,57 á cantidade e de 7,34 á calidade.

- A importancia dos canais de comunicación empregados.

A xeneralidade das entidades participantes considera axeitados os medios que actualmente son utilizados como ferramentas de comunicación, tal como se pode ver no Gráfico 2.

- Melloras a introducir nos medios informativos empregados e outros medios a empregar no futuro.

A maior parte de participantes non responden sobre o particular, de modo que se entende que están satisfeitos co modo en que se están a empregar os medios informativos actuais. Entre os 12 que responden, 6 coinciden en subliñar o interese de mellorar a web. No resto dos casos, realízanse suxestións diversas que a Secretaría tentará incorporar de forma progresiva a medida que tamén aumenten os seus medios e capacidades.

Ao responderen que outros medios poderían ser utilizados a nivel comunicativo no Fondo Galego, a participación é de 16 entidades, das que só 6 dan algunha información ao respecto, limitándose os demais a incluír suxestións en relación aos medios xa empregados. Unha vez máis, pois, a Secretaría só pode tomar nota das suxestións realizadas.

- As actividades de sensibilización e cooperación desenvolvidas polo Fondo Galego.

As actividades de sensibilización e cooperación desenvolvidas polo Fondo Galego son valoradas de modo positivo, cunha nota media de 7,4 polos participantes na enquisa.




A ningún dos participantes lle parece que se deba deixar de realizar algunha das actividades de sensibilización e cooperación desenvolvidas polo Fondo Galego. Por outro lado, realízanse algunhas suxestións en relación á necesidade de mellorar a difusión das actividades do Fondo Galego e ao interese de renovar a oferta de exposicións.

Conclusións

A avaliación da comunicación existente entre a Secretaría Técnica e as entidades socias do Fondo Galego, así como do traballo realizado entre todas e todos desde o Fondo Galego, son valorados de modo positivo.

O elemento que parece máis feble ten que ver coa cantidade de información comunicada ás entidades socias, e isto parece derivarse de problemas coa información sobre enderezos electrónicos e postais que obran na Secretaría. Por iso, sería moi conveniente unha posta ao día en común ente as entidades socias e a Secretaría para garantir o máximo de corrección nos datos obrantes, tratando de minimizar os efectos dos cambios que a miúdo afectan á continuidade dos responsables.

Cómpre prestar maior atención ao web, o que probablemente se debería plasmar nun maior dinamismo na súa actualización e mellora de contidos.



Concellos: A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Carnota, Carral, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Gomesende, Gondomar, Guitiriz, Lalín, Laxe, Lousame, Lugo, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Moraña, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco de Valdeorras, O Irixo, O Porriño, O Rosal, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vere, Verín, Vigo, Vilagarcía, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove.

Deputacións: A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense.